

TIPOS DE EMBARCACIONES

Na Costa da Morte e en Muros, a poboación tiña o mar como medio de subsistencia. Nas zonas costeiras, o terreo de cultivo era escaso e non sempre moi rico, co cal a pesca complementaba o que a terra non daba. Especialmente difícil era a subsistencia no Ézaro e O Pindo pois o monte chegaba ao mar e as zonas de cultivo agrícola eran practicamente inexistentes. Así o home botouse ao mar, e para iso tivo que construír embarcacións. Estas embarcacións foron mellorando e cambiando ao longo da historia da zona, unha vez que a pesca pasou de subsistencia a medio de vida.

Imos ver as embarcacións nesta zona, desde as tradicionais ata as usadas na actualidade para a pesca, tanto de baixura como de altura.

EMBARCACIONES TRADICIONAIS

Dentro das embarcacións tradicionais que se utilizaban e aínda se utilizan na Costa da Morte e Muros temos as seguintes:

- **Balandros:** Hai constancia deste tipo de embarcacións en Camariñas e Corcubiión, e tamén houbo un balandro en O Pindo. En Muros os balandros eran para o cabotaxe.
- **Bote:** O bote é unha das embarcacións tradicionais que está presente en todos os portos das zonas pero a súa construción ten algunha variación duns a outros. Construíanse sobre todo nos asteiros de Muxía, Cee, Corcubiión, O Pindo e Caldebarcos e Muros e Esteiro. Os botes de Camariñas estaban caracterizados pola proa e a popa pouco lanzadas e cunha leve curva convexa na roda e no codastre. A súa eslora podía ser de catro metros e medio. O temón calaba dúas ou tres cuartas máis que a quilla. Usábase para os arrastres. En Muxía, o bote era máis pequeno que a lancha e tiñan a proa e a popa iguais, tiñan vintedúas cuartas de eslora, dezaioito de quilla, oito cuartas de manga e cincuenta e cinco centímetros de puntal; proa e popa eran case dereitas, tiñan pouca inclinación; os costados eran tamén dereitos, o fondo tiña pouco desnivel e unha quilla de dez a quince centímetros de altura. Moitos destes botes tiñan vela de relinga. Os botes de Muxía ían máis ao palangre que á liña e dedicábanse tamén ao marisco. En Fisterra, os botes eran pequenos, de quince cuartas pero podían chegar a 18-20 cuartas, e redondos; levaban vela relinga e pau tumbado en dúas picas. Eran para o polbo e a faneca. Estes botes construíanse en O Pindo e en Muros. En Muros, os botes tiñan vela de relinga e usábanse para o polbo e a xarda.



- **Boteira**: É unha embarcación típica de Muros e habíaa antes da aparición das lanchas particulares. Eran da mesma construción que as lanchas, con quilla e corredores pero tiñan só de vintedúas a vinteseis cuartas de quilla, tiñan vela de relinga. Traballaban catro persoas na boteira. Construíanse no mesmo sitio que as lanchas. Andaban á sardiña na ría e usaban, fundamentalmente o xeito como arte de pesca.
- **Bucetas**: Poden atopar en Camariñas, Muxía e entre Fisterra e Muros pero eran construídas en Fisterra pola súa fama de boa construción. Son de construción máis recente que os botes e máis grande que estes. Teñen eslora de trinta cuartas. Á buceta tamén se lle pode atribuír como característica exclusiva o ter a obra morta das amurras e das aletas máis lanzada, resultando unha maior redondez nos extremos. Aínda que sufriron variacións respecto da buceta orixinal, hoxe en día, as bucetas de Fisterra-Ézaro/Pindo-Muros diferenciábase da lancha no seu ancho case uniforme desde as amurras ata as aletas. Levan máis manga na proa que na popa. Levan vela cadrada (tipo relinga) ou latina, indistintamente. Ao igual que no bote, o temón calaba dúas ou tres cuartas máis que a quilla. As bucetas en Fisterra andaban ao abadexo en liña. En Ézaro tamén había bucetas que se utilizaban para pescar o congro con liña e para o trasmallo, as do Ézaro eran construídas para levar catro homes e medían dezaioito cuartas de quilla e dúas de manga. Eran case redondas e tiñan vela de relinga. En O Pindo case non había bucetas. En Muros, ían á pesca ata a vinte millas do porto.



- **Chalanas**: Estas embarcacións poden atoparse en Camariñas, Fisterra e no Ézaro, pero son típicas de Muxía. Algunhas delas tiñan corredores, as de Muxía non os levan. Non navegaban con vela. Para a súa conservación só se usaba alquitrán. En Muxía, as chalanas construíanse alí mesmo e eran usadas para a pesca de congros, abadexos, ollomol, fanecas

e maragotas; usábanse durante todo o ano. En O Pindo e Muros, as chalanas eran as embarcacións auxiliares.



- **Dornas**: Houbo presenza de dornas en Camariñas pero non son habituais nesta zona. As de Camariñas foron mercadas nas Rías Baixas. Son máis pequenas que as lanchas.



Foto dunha gamela e unha dorna

- **Gabarras**: Este tipo de embarcación tradicional aparece en Camariñas. Teñen o pau algo inclinado cara popa. Non son moi habituais.




- **Galeóns**: Aparecen en Fisterra pero eran dos emigrantes cataláns. Era a embarcación coa que se pescaba ás xabegas, arte de pesca usado e introducido na zona polos cataláns.



- **Lanchas**: As lanchas, e en particular as lanchas xeiteiras, teñen a súa orixe en Fisterra. A parte de Fisterra, tamén Muros, Caldebarcos, Ézaro, Esteiro e Muros foron sitios de construción destas embarcacións. Máis teñen tamén presenza noutros portos da zona como Camariñas, O Pindo e Muxía . En Muxía, estaban provistas de corredores, tiñan trinta cuartas de quilla e a popa é máis redonda que a do bote e o temón tiña medio metro máis de profundidade que a quilla. As lanchas de Muxía ían ao xeito pescando sardiña desde xaneiro ata outubro-novembro pero tamén saían á pesca do ollomol con liña e a coller lagosta e raia coas raeiras. Pescábase con elas no verán a tres ou catro millas da costa e sempre tiña seis ou sete tripulantes. No Ezaro e o Pindo, a lancha empregábase só para a sardiña e saían ao mar de marzo a decembro. Había catro tripulantes na lancha. En Muros, as lanchas inicialmente eran de entre vinteoito e trinta e dúas cuartas de quilla, eran máis grandes pois pertencían a armadores fabricantes; desde a metade do século XX xa aparecen as lanchas particulares. As lanchas de Muros ían á sardiña ao xeito e na primavera ao congro con cordel e tiñan traballado ata oito homes na lancha muradán.



- **Lancha de relinga:** A lancha relinga é unha das embarcacións tradicionais máis representativas da pesca de baixura desde Malpica a Vigo. Non se sabe exactamente cando comezou a utilizarse pero crese que é moi antiga; do que si hai constancia é de que chegou ata os tempos da motorización, por mor da resistencia social ante os novos deseños ao servizo da pesca industrial.. O máis destacado da lancha relinga era a acusada simetría dos extremos e chamaba a atención o moito que se parecían as súas “dúas proas”. Tanto a roda coma o codaste eran maior parte rectilíneos e os seus graos de lanzamento semellantes: o da roda de 73° e o do codaste 68°; arquitectonicamente, o que distinguía a proa da popa era a harmoniosa curva por debaixo da flotación, que enlazaba a roda coa quilla. A vela é trapezoidal, de efecto moi superable nas longas tiradas por mar aberto, onde as viradas non teñen que ser frecuentes. Non había medidas fixas, a construción facíase segundo as peticións feitas; a eslora variaba entre os 7,25 e os 7,35 metros, a manga entre os 2,65 e 2,75 metros e o puntal arredor do metro. Destacaba Muros como o centro primitivo das lanchas de relinga, ao ser Muros unha das vilas máis antigas desta zona.



- **Traineras:** Aínda que as había en portos como o de Camariñas e Muxía, non eran construídas na zona senón que foran mercadas en Corme, A Coruña ou ata en Cariño. As

traineras de Camariñas, cunha eslora de sete ou oito metros chegaron a ter de doce a catorce tripulantes. Traballaban nada máis que na ría e poucas veces navegaban a vela. En Muxía, a súa eslora podía ser de entre doce e trece metros.

- **Trincado**: Posúe vela. Ten unha eslora de dezasete metros aproximadamente. Non chega máis abaixo de Camariñas. En Muxía xa non hai constancia de que houbera trincados.
- **Outras embarcacións**: No porto de Camariñas, houbo presenza doutras embarcacións tradicionais como son o bergantíns, quechemaríns, pataches ou os pailebotes, estes últimos tamén houbo en Muxía e neste porto servían para o transporte de fariña, azucre, aceite e xabón.

Queremos facer mención aos asteleiros de O Freixo polo seu renome á hora de construír, principalmente a lancha de relinga. Ademais, no Freixo tamén se construían lanchas de xeito, galeóns de popa redonda, buquetas, gamelas, balandros e pailebotes. Tamén hai que mencionar o asteleiro de Cee que chegou case ata os nosos días.

Tamén aos carpinteiros ribeireños, tanto os de O Freixo coma os de Caldebarcos, Muros, Cee etc.



EMBARCACIÓNS NON TRADICIONAIS

Os barcos de pesca non tradicionais poden clasificarse segundo o modelo de pesca que utilizan. Existen pois:

- **Barcos de pesca de arrastre (arrastreiros)**: Dentro deles están os grandes cunha capacidade de máis de 70 toneladas de rexistro bruto (T.R.B), os medianos, que teñen entre 20 e 70 T.R.B. e os pequenos, con menos de 20 T.R.B. Tamén poden clasificarse pola eslora: de máis de 12 metros de eslora e os de menos de 12 m. de eslora. Practican a pesca de arrastre, este tipo de pesca está moi cuestionada pois é moi destrutiva co ecosistema. Na maioría dos países está regulada mais en moi poucos está prohibida. A pesca de altura e especialmente a pesca do bacallau faise con grandes barcos arrastreiros a motor.



- **Barcos pesqueiros de cerco**: Diferéncianse dos arrastreiros en que teñen un puntal máis reducido ao igual que a parte sumerxida tamén é menor, co fin de ofrecer unha menor resistencia á forza da corrente cando están coa arte calada. Os cerqueiros modernos presentan cada vez unha envergadura maior xa que cada vez se traballa en condicións climatolóxicas máis difíciles e máis lonxe da costa.



- **Barcos factoría:** Son os barcos máis grandes que existen e utilízanse para a pesca en alta mar. Existen dous tipos de barcos factoría: aqueles que traballan anclados e os que se desprazan continuamente en mar aberto; ambos reciben a captura dos barcos-cazadores.
- **Barcos pesqueiros palangreiros:** Soen ter entre 10 e 14 metros de eslora, agás os que fan capturas en alta mar, que necesitan máis espazo, para o almacenamento das capturas. Os palangreiros normais son barcos lixeiros con motores rápidos.



- **Barcos pesqueiros de trasmallo:** Este tipo de barco utilízase para a pesca costeira que é a que se realiza en zonas próximas á costa, tamén chamada pesca de baixura. Son os barcos máis pequenos que existen, normalmente non superan os 10 metros de eslora e son os utilizados na pesca artesanal.



Distintos tipos de barcos

Bibliografía:

- ❖ Mörling S. (1989): Las embarcaciones tradicionales de Galicia. Consellería de Pesca. Dirección Xeral de Formación e Promoción Social. Noia.
- ❖ Calo Lourido, F. : Galicia. Antropoloxía. Tomo XXV: Mariñeiros. Hércules de Ediciones, S.A. A Coruña.
- ❖ <https://bluscus.es/embarcaciones-tradicionales-navegar-galicia/>